

Modificacións da P. D. da materia de PIANO

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de PIANO para o curso 2019-20:

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre de cada curso.

1º CURSO GE

- Adquirir un hábito postural que evite tensións.
- Coñecer os elementos da linguaxe musical necesarios para a interpretación das diferentes pezas.
- Ser capaz de interpretar algunha peza ou fragmento musical de nivel similar ás que figuran como orientativas na Programación Didáctica para este curso.

2º CURSO GE

- Adquirir un hábito postural que evite tensións.
- Coñecer os elementos da linguaxe musical necesarios para a interpretación das diferentes pezas.

- Ser capaz de interpretar algunha peza ou fragmento musical de nivel similar ás que figuran como orientativas na Programación Didáctica para este curso.
- Acadar a simultaneidade e corrección no son de acordes.
- Acadar a habilidade para o paso do polgar en pasaxes legato
- Realizar unha diferenciación dinámica e clara de melodías respecto a acompañamentos.
- Iniciar a práctica do uso dos pedais.

3º CURSO GE

- Adquirir un hábito postural que evite tensións.
- Coñecer os elementos da linguaxe musical necesarios para a interpretación das diferentes pezas.
- Traballar con calidade dúas obras de dous estilos diferentes.
- Traballar a memoria nas obras interpretadas.
- Diferenciar dinamicamente as notas dun acorde e as distintas voces en obras polifónicas.
- Empregar correctamente o uso do pedal.

4º CURSO GE

- Adquirir un hábito postural que evite tensións.
- Coñecer os elementos da linguaxe musical necesarios para a interpretación das diferentes pezas.
- Traballar con calidade dúas obras de dous estilos diferentes.
- Traballar a memoria nas obras interpretadas.
- Desenvolver as capacidades técnicas necesarias, para a interpretación do repertorio do nivel.
- Desenvolver a capacidade de análise das obras que interprete o alumno.
-

1º CURSO GP

- Completar un repertorio de 2 obras de diferentes estilos (podendo incluír un estudo) no que amose un nivel correcto de comprensión e interpretación.
- Aprender a interpretar obras de memoria.
- Adquirir hábitos interpretativos encamiñados a ter unha boa autonomía cada vez maior no estudo e interpretación das diferentes obras.
- Desenvolver a técnica de interpretación de escalas, arpeixos, dobres notas, oitavas e acordes con respecto a un repertorio de nivel axeitado.
- Coñecer o significado das principais expresións de carácter e tempo que se aplican ao repertorio pianístico habitual.

2º CURSO GP

- Completar un repertorio de 2 obras de diferentes estilos (podendo incluír un estudo) no que amose un nivel correcto de comprensión e interpretación.
- Aprender a interpretar obras de memoria.
- Desenvolver paulatinamente a autonomía interpretativa.
- Desenvolver e perfeccionar a resolución e interpretación de diferentes problemas técnicos como escalas, arpeixos, dobres notas, oitavas, acordes, etc, de acordo cun repertorio de nivel axeitado.
- Adquirir autonomía progresiva no uso dos pedais, a dicitación, e as posibilidades dinámicas do instrumento.

3º CURSO GP

- Completar un repertorio de 2 obras de diferentes estilos (podendo incluír un estudo) no que amose un nivel correcto de comprensión e interpretación.
- Aprender a interpretar obras de memoria.
- Desenvolver unha capacidade de autoavaliación no proceso de estudo das obras e lograr formar un criterio propio sobre os resultados prácticos de dito proceso.

- Usar correctamente a técnica da utilización dos pedais e acadar un criterio claro sobre o resultado sonoro final, así como da técnica de pedalización das distintas obras do repertorio.

4º CURSO GP

- Completar un repertorio de 2 obras de diferentes estilos (podendo incluír un estudo) no que amose un nivel correcto de comprensión e interpretación.
- Aprender a interpretar obras de memoria e afianzar a seguridade e soltura na súa execución.
- Demostrar a consecución dun criterio propio correcto en canto á pedalización e dixitación das obras, o uso da dinámica e o cantabile.
- Demostrar a capacidade de relacionar correctamente o concepto de estrutura formal, a súa análise práctica e a conseguinte interpretación de acordo ás convencións estilísticas e formais xa tratadas en cursos anteriores.

5º CURSO GP

- Completar un repertorio de 2 obras de diferentes estilos (podendo incluír un estudo) no que amose un nivel correcto de comprensión e interpretación.
- Aprender a interpretar obras de memoria e afianzar a seguridade e soltura na súa execución.
- Afianzar e asegurar os obxectivos de cursos anteriores.
- Poder escoller por sí mesmo as obras do seu programa de entre unha selección do repertorio proposta polo seu profesor.
- Comprender a importancia da aplicación dos diferentes recursos técnicos aos diferentes estilos, coa conseguinte obtención de diversos resultados sonoros segundo cada estilo.

6º CURSO GP

- Completar un repertorio de tres obras de diferentes estilos (podendo incluír un estudo) no que amose un nivel correcto de comprensión e interpretación.
- Aprender a interpretar obras de memoria e afianzar a seguridade e soltura na súa execución.
- Afianzar e asegurar os obxectivos de cursos anteriores.
- Completar un repertorio de un mínimo tres estilos e media hora de duración, no que amose un nivel correcto de comprensión e interpretación. O alumno debe ter a capacidade de interpretar a maior parte de este repertorio de memoria.
- Demostrar criterios de interpretación persoais en coherencia co estilo correspondente ás diferentes épocas e autores.
- Ser capaz de efectuar unha autocrítica madura do propio rendemento interpretativo en función das horas de estudo empregadas.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non sofren modificacións máis alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: correo electrónico, CentrosNet, videochamada e/ou aula virtual. Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións planificadas para o 3º trimestre debido á cancelación das mesmas.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indicárase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba, pero non eximen da súa realización.

Isto aplicarase a todos os cursos de Grao Elemental e Profesional.